

Hoxe asinou o convenio de colaboración que dará como froito esta Guía cara finais de ano

A Concellaría de Medio Ambiente, a USC e Alvarellos Editora publicarán a primeira Guía Verde de Santiago



De esquerda a dereita: Henrique Alvarellos, M^a Dolores Álvarez, Elvira Cienfuegos e Mabel Fraga, no parque Zeca Alfonso de Santiago, durante o acto de sinatura do convenio

- Un equipo coordinado pola profesora de Botánica da USC e directora do Museo de Historia Natural “Luís Iglesias”, María Isabel Fraga, é o responsábel dos contidos.
- A guía, que aparecerá a finais deste ano, inclúe un amplo despregue gráfico e ilustrativo e será editada en galego e castelán e, posteriormente, en inglés.
- A Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel apoia esta edición como unha forma de potenciar o respecto polo medio natural dunha das cidades máis verdes do Estado.

Santiago, 04/Xuño/2009.- Esta mañá a Concelleira de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel de Santiago, a nacionalista Elvira Cienfuegos, asinou un convenio de colaboración coa vicerreitora de Calidade e Planificación da USC, María Dolores Álvarez Pérez, e co director de Alvarellos Editora, Henrique Alvarellos Casas para a creación da Guía Verde de Santiago. O parque José “Zeca” Afonso, nas inmediacións do parque do Auditorio de Galicia, serviu como marco para a sinatura deste convenio de colaboración. Como consecuencia de dito convenio, Santiago de Compostela contará a finais deste ano coa primeira *Guía verde* da cidade, un volume práctico en edición de peto.

O responsable dos contidos é un equipo de expertos dirixidos pola profesora de Botánica da USC e directora do Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” María Isabel Fraga Vila, quen tamén estivo presente no acto. Pola súa banda, Alvarellos Editora encargárase da confección e comercialización da obra, que será publicada en galego e castelán, e posteriormente en inglés.

Unha guía divulgativa de grande difusión

A *Guía verde de Santiago* está pensada como unha guía de gran difusión, polo que terá un formato de peto, será editada a toda cor e cun amplo despregue gráfico: fotografías, ilustracións e roteiros que pretenderán mostrar, dun xeito ameno e sinxelo, a riqueza natural dunha das cidades do Estado con máis metros cadrados de zonas verdes por habitante. O volume fará un percorrido por todos e cada un dos parques e zonas verdes da cidade (Alameda, Campus Sur, Bonaval, Eugenio Granell, Galeras, Belvís...) e neles irásenos descubrindo a súa historia, características naturais, especies singulares, roteiros, curiosidades, etc. A intención dos promotores é poñer en valor o patrimonio verde de Compostela, unha das grandes singularidades da cidade.

- Para contactar coa directora de contidos da Guía, María Isabel Fraga:
misabel.fraga.vila@usc.es, ou 981 563100 Ext. 13265
- Para contactar coa vicerreitoría de Calidade e Planificación da USC:
vrcaplan@usc.es, 981 54 71 93
- Para contactar coa Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel:
mfernandezl@santiagodecompostela.org, 981 54 23 28
- Para contactar con Alvarellos Editora:
correo@alvarellos.info, 609 90 88 52